

INFORMACIÓN SOBRE A CONSERVACIÓN DA NACIONALIDADE **ESPAÑOLA**

Poderán pedir a conservación da nacionalidade española as persoas españolas que residan no estranxeiro e declaren a súa vontade de conservaren a nacionalidade española nos tres anos seguintes á adquisición da nacionalidade estranxeira.

A solicitude poderase efectuar a través do Consulado de España no país correspondente (no caso de residir no estranxeiro) ou a través deste Rexistro Civil (no caso de estar inscrito o seu nacemento neste partido xudicial).

As persoas nadas e residentes no estranxeiro que posúan a nacionalidade española por seren fillas de nai e pai españois tamén nados no estranxeiro, cando as leis do país onde residan lles atribúan a nacionalidade dese país perderán, en todo caso, a nacionalidade española se non declaran a súa vontade de conservala ante o encargado do Rexistro Civil no prazo de tres anos, contados desde a súa maioría de idade ou emancipación.

Non será necesaria a declaración de conservación de nacionalidade no caso mencionado no parágrafo anterior se a persoa reside en España.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Copia do DNI ou pasaporte español en vigor.
- Certificado expedido polas autoridades competentes no que conste a data de adquisición da nacionalidade estranxeira.
- Certificado literal de nacemento actualizado.

DEBERÁN COMPARECER CO SEU DOCUMENTO IDENTIFICATIVO